

Dous desterros

Na poesía galega última, xa se sabe, as mulleres ocupan un posto de privilexio (en número, en calidade). Pero é que ademais as mulleres-poetas veñen protagonizando un diálogo co seu corpo que lle presta moito a unhas actitudes, cando menos radicais.

Sendo así que o corpo e as súas posibilidades (de intercomunicación, ataque, defensa) son un elemento básico. Tamén o que potencia en parte a óptica radical á que me veño referindo. *Desterrada do meu corpo* (Letras de Cal, Santiago 2001) de Verónica Martínez Delgado é paradigma de canto digo. Porque Verónica, de Valdoviño, de hai case vintecinco anos. Lonxe de disfrazar o seu laio existencial con farrapos líricos, enxua-ga a mágoa (tamén a rebeldía) con dor corporal. Desta maneira, e que ninguén se engane, en Verónica Martínez Delgado, na súa poesía, mora o desacougo. O de vivir, se cadra de prestado nun corpo que vamos facendo noso (entre os praceres, os horrores e os días), e o de sobrevivir no exilio. Vivir ao cabo é fácil, mesmo a través do amor/desamor que en *Desterrada do meu corpo* aparecen como por ensalmo.

Sobrevivir no desterro, agora no senso máis exacto, pode ser outra historia. Neste segundo nivel, que transcorre en Madrid (pero tamén en Coimbra, Lisboa, no Barroco (sic), nalgún innominado país musulmán) é onde xorde a Verónica máis melancólica, aquela na que é doado atopar as claves dunha longa ausencia. Ambos desterros (e do corpo, o da mente) veñen contados nunha linguaxe coloquial e directa, que de non ser pola potencia do concepto poderían luir a planicie.

Eis a capacidade de fascinio desta autora nova, coa que máis que dialogar un fai un dúo de conceptos, non sei. *Desterrada do meu corpo*, un libro que anuncia unha autora que sabe desenguedellar o *pathos* mais que nunca resulta patética nin choromiqueira, foi accésit do Primeiro Premio de Poesía Letras de Cal, unha editorial que sabe o que trae entre as mans.

Vicente Araguas